

## Chat de RCS

### Jibe Mobile Ltd. (“Jibe Mobile”)

70 Sir John Rogerson’s Quay, Dublín 2 (Irlanda)

<https://support.google.com/>

Actualizado o 16 de marzo de 2023

Versión anterior: [21 de decembro de 2020](#)

### Resumo do contrato

- Este resumo do contrato describe os elementos principais da nosa oferta de servizos segundo o estipulado na lexislación da UE<sup>1</sup>.
- Está pensado para que poidas comparar ofertas de servizos.
- A información completa sobre a nosa oferta de servizos está dispoñible noutros documentos.

### Servizos

O chat de RCS proporciónalles aos usuarios de Mensaxes de Google unha experiencia enriquecida e mellorada ao utilizar a mensaxaría. Para enviar mensaxes de chat de RCS, requírese unha conexión a Internet. Jibe Mobile proporciona o chat de RCS cun nivel de competencia e dilixencia razoable, aínda que non se ofrecen niveis mínimos de calidade do servizo.

### Prezo

O chat de RCS ofrécese sen custo económico, e o seu uso está suxeito ao cumprimento das Condicións de servizo de Jibe Mobile (dispoñibles en <https://jibe.google.com/policies/terms/>) e das Condicións de servizo de Google (dispoñibles en <https://policies.google.com/terms>).

### Duración, renovación e cancelación

Unha vez que te rexistras, o chat de RCS está dispoñible de forma inmediata para que o uses. Non tes a obriga de usar o chat de RCS durante un tempo determinado; podes deixar de usalo en calquera momento.

### Funcións para usuarios finais con discapacidades

Podes usar un lector de pantalla co chat de RCS. Se queres obter máis detalles, consulta <https://support.google.com/messages/answer/6105764?hl=gl>.

### Outra información relevante

Atención ao cliente: Podes obter axuda e asistencia en relación co chat de RCS en <https://support.google.com/>.

Disputas: É posible que poidas presentar unha reclamación a un provedor de resolución alternativa de disputas que estea incluído en <https://ec.europa.eu/consumers/odr/main/?event=main.adr.show2> ou a outro provedor, en función dos requisitos legais do teu país. Se queres obter máis detalles, consulta as Condicións de servizo de Google.

---

<sup>1</sup> Artigo 102(3) da Directiva (UE) 2018/1972 do Parlamento Europeo e do Consello do 11 de decembro de 2018 pola que se establece o Código Europeo das Comunicacións Electrónicas (DO L 321, 17.12.2018, p. 36).

Incidentes de seguraza: Jibe Mobile conta cun rigoroso programa para xestionar incidentes as 24 horas que permite identificar e responder a eventos de seguraza ou privacidade de forma inmediata. Jibe Mobile tamén proporciona unha lista de comprobación de seguraza para que poidas xestionar a túa seguraza en liña.

Datos persoais: Para rexistrarte no chat de RCS, debes facilitar o teu número de teléfono. A Política de privacidade de Google (dispoñible en <https://policies.google.com/privacy>) proporciona máis información sobre os datos persoais que recompila Jibe Mobile cando usas o chat de RCS. A Política de privacidade de Google non forma parte do teu contrato con Jibe Mobile nin deste resumo.